

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE MARZO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑÁS VARELA
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D^a NIEVES VÁZQUEZ GRELA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTÉS SÁNCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSÉ JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral accidental, dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 28/02/2019 E 07/03/2019.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións ordinaria celebrada en data 28 de febreiro de 2019 e extraordinaria celebrada en data 7 de marzo de 2019, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria celebrada en data 28 de febreiro de 2019 e extraordinaria celebrada en data 7 de marzo de 2019, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria de data 28 de febreiro de 2019 e extraordinaria de data 7 de marzo de 2019.

2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA RELATIVA A MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN A SUBSCRIBIR ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE ARTEIXO, CULLEREDO E A CORUÑA PARA A COORDINACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO DAS SÚAS RESPECTIVAS COMPETENCIAS CON ORIXE OU DESTINO NAS URBANIZACIÓNS DA ZAPATEIRA.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP n° 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía, de data 22 de marzo de 2019, relativa á modificación da proposta de convenio de colaboración a subscribir entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña para a coordinación do servizo de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira.

O Sr. alcalde xustifica a urxencia dicindo que a Xunta ten intención de incluír a proposta de aprobación do convenio no próximo Consello e por ese motivo era necesario telo canto antes.

Sometida a votación ordinaria a ratificación de inclusión da dita proposta na orde do día, é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de febreiro de 2019 adoptou o acordo de aprobación do contido do Convenio de colaboración a subscribir entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña para a coordinación do servizo de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira.

Enviada a proposta de Convenio á Xunta de Galicia, con data 11/03/2019 ten entrada no rexistro xeral deste Concello escrito da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade achegando nova versión do texto do Convenio propoñéndose as seguintes modificacións:

- Actualización da denominación da Consellería en todo o documento, e no encabezado corríxese a denominación do Concello da Coruña.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

- Eliminación de varios apartados da parte expositiva ao non se prever a existencia de coincidencias con tráfico interurbanos preexistentes; e pola mesma causa se introducen as precisas adaptacións na parte dispositiva do documento.
- Se clarifica o réxime de imputación e distribución de eventuais indemnizacións e/ou compensacións.
- Adaptación do texto en relación ao réxime de transparencia e bo goberno (punto 1 da cláusula sexta).
- Establecemento do réxime de adopción de acordos por parte da comisión técnica e da comisión de seguimento por unanimidade das administracións.

Así mesmo a Xunta de Galicia manifesta que debe clarificarse o contido da cláusula 3ª.3 no referente á Tarxeta Millenium; suprimirse as referencias ao IVE no anexo do documento, ao non formar parte das base impoñibel deste imposto as compensacións que deberán abonar as Administración; así como definir con precisión o servizo que se vai prestar.

Analizados os cambios propostos e tras varias conversas coas administracións implicadas, con data 22 de marzo a Xunta de Galicia remite vía email nova proposta modificada do texto de Convenio.

Á vista desa proposta, introdúcense os seguintes cambios no texto do Convenio aprobado polo Pleno Municipal:

- Actualización da denominación da Consellería en todo o documento, e no encabezado corríxese a denominación do Concello da Coruña.
- Eliminación de varios apartados da parte expositiva ao non se prever no propio convenio a existencia de coincidencias con tráfico interurbanos preexistentes; e pola mesma causa se introducen as precisas adaptacións na parte dispositiva do documento.
- Se clarifica o réxime de imputación e distribución de eventuais indemnizacións e/ou compensacións (cláusula terceira).
- Adaptación do texto en relación ao réxime de transparencia e bo goberno (punto 1 da cláusula sexta).
- Establecemento do réxime de adopción de acordos por parte da comisión técnica e da comisión de seguimento por unanimidade das administracións (apartado 3 da cláusula quinta). Así mesmo, na cláusula quinta dase unha nova redacción á función da Comisión de Seguimento establecida no apartado d):

“d) Modificar as condicións de prestación do servizo recollidas no anexo, de acordo co disposto na cláusula segunda. Especificamente, a Comisión de Seguimento poderá adoptar o acordo de modificación de entre as dúas alternativas de explotación de entre as propostas incorporadas no anexo I deste convenio.”

- Se da nova redacción á cláusula terceira, que queda da seguinte forma;

“Terceira.Obrigas das partes

1. En virtude deste convenio e con suxeición ao disposto nel, a Xunta de Galicia obrigase a permitir a extensión do transporte urbano da Coruña para que preste servizos de carácter interurbano da súa competencia ás urbanizacións da Zapateira, situadas noutros Concellos.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

2. Nos mesmos termos, o Concello da Coruña obrígase a estender as súas liñas de transporte urbano para atender os servizos anteditos. Así mesmo, o Concello da Coruña comprométese a pór a disposición da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade datos estatísticos actualizados e información detallada sobre o nivel de utilización dos servizos obxecto do convenio.

Sen prexuízo do anterior, o réxime de prestación de servizos obxecto deste convenio non suporá incremento ningún de custos para o Concello da Coruña, e neste senso igualmente o Concello da Coruña só asumirá o sistema de bonificacións sociais daqueles usuarios que se encontren empadroados dentro do seu termo municipal.

Igualmente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non asumirá ningunha compensación ou indemnización que puidera derivarse da prestación do servizo ou das súas posteriores modificacións.

3. O Concello de Arteixo e de Culleredo asumen a responsabilidade de compensar economicamente ao Concello da Coruña pola extensión do servizo a que se refire este convenio, sumando, ademais, e só cando se producisen, a totalidade dos investimentos novos necesarios para a prestación do servizo. Para o cálculo da compensación terase en conta o número de quilómetros anuais en que se amplía o percorrido dos autobuses urbanos e o prezo/ medio km do servizo de autobús urbano que resulta do servizo que presta a empresa concesionaria no termo municipal da Coruña. Do importe así obtido descontaráselle os ingresos correspondentes aos correspondentes tráfico; para tal fin, estarase ao importe procedente da venda de títulos de transporte con orixe nas paradas do itinerario ampliado, importe que se multiplicará por dous a efectos de ter en conta as viaxes de volta. A diferenza entre custes do servizo e ingresos, calculadas consonte con indicado neste apartado, aboarase ao Concello da Coruña polos Concello de Arteixo e Culleredo na proporción do 50% Arteixo e do 50% Culleredo.

Igualmente, calquera outra compensación ou indemnización que por razón deste Servizo puidese corresponder ás administracións asinantes será asumida polos Concellos de Arteixo e Culleredo na proporción do 50% cada un deles.

Durante o primeiro ano de funcionamento do convenio levaranse a cabo liquidacións semestrais. A partir do primeiro ano, liquidarase mensualmente a partes iguais, tendo en conta, o resultado anual da liquidación anterior. O seu resultado regularizarase coa primeira liquidación do ano seguinte.

O prezo/km do servizo de autobús urbano será que resulte dos datos oficiais achegados polo Concello da Coruña a través da empresa titular da concesión da rede única de transporte colectivo urbano de viaxeiros na zona urbana da Coruña, tendo en conta os datos achegados no último exercicio contable pechado. Poderá calquera das partes solicitar cantas aclaracións consideren oportunas para aceptar este custo.

Aprobado o prezo/km inicial conforme ao procedemento anteriormente descrito, actualizarase este na mesma porcentaxe en que se actualice a tarifa ordinaria de autobús para o Concello da Coruña.

4. En todo o relativo á ampliación do servizo de autobús obxecto do convenio se aplicarán as normas que regulan o funcionamento do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros mediante autobuses da cidade da Coruña."

- Suprímense as referencias ao IVE ao non formar parte das base impositivas deste imposto as compensacións que deberán abonar as Administracións.
- Inclúese un apartado no anexo técnico I, de cara a definir con precisión o servizo que se vai prestar:

"DEFINICIÓN DO SERVIZO A PRESTAR

En tanto se habilita para a circulación o vial previsto na opción A, se utilizará a única opción posible, a B. Unha vez habilitado, seguirase o procedemento establecido na cláusula segunda deste Convenio."

Por todo o exposto,

4 de 44

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Modificar a proposta de Convenio de colaboración a suscribir entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña para a coordinación do servizo de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira aprobado polo Pleno da corporación en sesión de data 28/02/2019 nos termos indicados nesta proposta, quedando o texto da seguinte forma:

“Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña, para a coordinación dos servizos de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira

Santiago de Compostela, de de 2019

REUNIDOS

Por unha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG n.º 82, do 30 de abril).

Por outra, D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde da Coruña, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por outra, D. Carlos Calvelo Martínez, Alcalde de Arteixo, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por outra, D. José Ramón Rioboo Castro, Alcalde de Culleredo, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para formalizar este acordo, e para tal efecto,

EXPOÑEN

1. As urbanizacións da Zapateira constitúen un importante asentamento poboacional situado nas proximidades da Coruña. Aínda que algunhas destas se atopan fóra do termo municipal do concello cabeceira da comarca, está en clara continuidade con este e dentro do seu cinto metropolitano, albergando na actualidade un importante volume de veciños que presenta unha demanda de mobilidade recorrente.

As administracións competentes teñen a responsabilidade de atender esa necesidade a través dunha oferta de transporte axeitada. Porén, as peculiares características da zona na que se localiza a urbanización determinan que os tráfico non poidan ser cubertos de maneira totalmente satisfactoria polos servizos de transporte interurbano, que non existe na zona, nin tampouco polo urbano, que non pode estender os seus servizos máis alá do termo municipal.

2. Afrontar de maneira eficaz as dificultades descritas esixe unha coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

3. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece a posibilidade de que ambas as dúas administracións formalicen convenios de colaboración "mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa".

Con base nesta habilitación legal, as partes asinantes consideran oportuno estender os servizos do transporte urbano da cidade da Coruña ao ámbito das urbanizacións da Zapateira. Desta maneira, as características da oferta en canto a calendario, horarios, itinerarios, prezos e penetración urbana veranse substancialmente melloradas e adaptaranse de maneira máis precisa ás necesidades dun asentamento periurbano como son as ditas urbanizacións.

4. A maior abastanza, cómpre salientar que a extensión de servizos que se recolle neste convenio suporá tamén importantes beneficios para o ambiente e a mobilidade sustentable. Nese sentido, hai que ter en conta que as urbanizacións dos municipios de Culleredo e Arteixo teñen una carga poboacional notable, existindo una relación de mobilidade por motivos laborais, formativos e recreativos co concello da Coruña que non está cuberta na actualidade por ningún servizo de transporte interurbano e cuxa única alternativa de transporte é a través do vehículo privado. Esta situación propicia un importante fenómeno de conxestión de tráfico, que empeora a calidade do aire, eleva o consumo enerxético, e incrementa a contaminación acústica e o risco para os peóns. Xa que logo, un mellor servizo de transporte público contribuiría a reducir todas estas ameazas e a contar cun contorno máis saudable.

Consonte co anterior, as administracións asinantes

ACORDAN

Asinar este convenio, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Habilitase ao transporte urbano da cidade da Coruña a estender os seus servizos ás urbanizacións da Zapateira, situada fóra do seu termo municipal, de acordo co establecido neste convenio. En virtude de tal habilitación, poderá realizar tráfico interurbanos coa dita urbanización, tanto de entrada como de saída da cidade.

Segunda. Condicións de prestación do servizo

1. O servizo de transporte público colectivo ás urbanizacións da Zapateira será prestado pola empresa contratista da xestión do servizo público de transporte urbano do Concello da Coruña.

Para tal efecto e de resultar preciso, o dito concello, como órgano de contratación, impulsará as adaptacións oportunas no contrato de xestión do transporte urbano. Así mesmo, nas futuras licitacións que promova o concello para adxudicar a dita xestión haberá de incluír a prestación dos servizos obxecto deste convenio, nas condicións que nel se prevén, excepto no caso disposto na cláusula décima deste convenio.

2. O servizo á urbanización da Zapateira prestarase mediante a extensión da actual liña 24 do transporte urbano, nas condicións que se sinalan para o efecto no anexo deste convenio.

Non obstante, o Concello da Coruña poderá, como atribución propia da xestión ordinaria do servizo de transporte urbano, efectuar modificacións puntuais ou non substanciais nas ditas condicións, e delas daráselle conta á Comisión Técnica.

Aquelas modificacións que teñan un contido substancial ou que afecten á estrutura básica da liña deberán ser aprobadas pola Comisión de Seguimento, logo de negociación no seo da Comisión Técnica, debendo constar en acta. No seu caso, esas novas condicións deberán ser remitidas aos órganos competentes de cada administración actuante para que, conforme ao procedemento e prazos establecidos na normativa que resulta de aplicación, se proceda, ou non, á súa aprobación, rexeitamento ou modificación. De resultar definitivamente aprobadas, e a partir da data que se acorde pasarán a ser vinculantes con suxeición ao establecido neste convenio.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

Mediante o procedemento indicado no parágrafo anterior poderán, así mesmo, incorporarse novas liñas á prestación do servizo.

3. Para os efectos do previsto no punto anterior, terán carácter de modificación substancial, entre outras, todas aquelas variacións nos horarios dos servizos que supoñan unha redución de expedicións diarias. Non se considerarán modificacións substanciais as que garantan o cumprimento das expedicións e horarios reflectidos no anexo técnico deste convenio.

Non obstante, cando a redución das expedicións diarias tivese a súa causa na aprobación dunha reordenación de liñas e/ou frecuencias polo Concello da Coruña, a súa incorporación ao convenio requirirá unicamente a súa comunicación con carácter previo á súa aprobación á Comisión de Seguimento e Comisión Técnica do convenio para a súa avaliación e estudo de custos. Este preaviso será de, como mínimo, dous meses antes da súa entrada en vigor.

4. Non obstante o previsto no punto 2, calquera incorporación ou modificación das condicións de prestación do servizo conveniado que implique a asunción de novos custos por calquera das partes deberá vir avalado polo correspondente estudo técnico e económico, e haberá de ser aprobado mediante a sinatura dun novo convenio ou dunha addenda a este, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación deste Convenio.

5. Os servizos obxecto deste convenio prestaranse en condicións equivalentes ás do resto do transporte urbano da Coruña, especialmente no que se refire a tarifas, descontos, abonos, frecuencias, horarios, características dos vehículos e accesibilidade. Do mesmo xeito, para os efectos do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, os ditos servizos terán a consideración de servizos de transporte urbano, aplicándose en todo caso as condicións que respecto destes establecen os correspondentes convenios reguladores.

C.I.F. P-1503100-H

Terceira.Obrigas das partes

1. En virtude deste convenio e con suxeición ao disposto nel, a Xunta de Galicia obrígase a permitir a extensión do transporte urbano da Coruña para que preste servizos de carácter interurbano da súa competencia ás urbanizacións da Zapateira, situadas noutros Concellos.

2. Nos mesmos termos, o Concello da Coruña obrígase a estender as súas liñas de transporte urbano para atender os servizos anteditos. Así mesmo, o Concello da Coruña comprométese a pór a disposición da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade datos estatísticos actualizados e información detallada sobre o nivel de utilización dos servizos obxecto do convenio.

Sen prexuízo do anterior, o réxime de prestación de servizos obxecto deste convenio non suporá incremento ningún de custos para o Concello da Coruña, e neste senso igualmente o Concello da Coruña só asumirá o sistema de bonificacións sociais daqueles usuarios que se encontren empadroados dentro do seu termo municipal.

Igualmente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non asumirá ningunha compensación ou indemnización que puidera derivarse da prestación do servizo ou das súas posteriores modificacións.

3. O Concello de Arteixo e de Culleredo asumen a responsabilidade de compensar economicamente ao Concello da Coruña pola extensión do servizo a que se refire este convenio, sumando, ademais, e só cando se producisen, a totalidade dos investimentos novos necesarios para a prestación do servizo. Para o cálculo da compensación terase en conta o número de quilómetros anuais en que se amplía o percorrido dos autobuses urbanos e o prezo/medio km do servizo de autobús urbano que resulta do servizo que presta a empresa concesionaria no termo municipal da Coruña. Do importe así obtido descontaráselle os ingresos correspondentes aos correspondentes tráfico; para tal fin, estarase ao importe procedente da venda de títulos de transporte con orixe nas paradas do itinerario ampliado, importe que se multiplicará por dous a efectos de ter en conta as viaxes de volta. A diferenza entre custes do servizo e ingresos, calculadas consonte con indicado neste apartado, aboarase ao Concello da Coruña polos Concellos de Arteixo e Culleredo na proporción do 50% Arteixo e do 50% Culleredo.

Igualmente, calquera outra compensación ou indemnización que por razón deste Servizo puidese corresponder ás administracións asinantes será asumida polos Concellos de Arteixo e Culleredo na proporción do 50% cada un deles.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

Durante o primeiro ano de funcionamento do convenio levaranse a cabo liquidacións semestrais. A partir do primeiro ano, liquidarase mensualmente a partes iguais, tendo en conta, o resultado anual da liquidación anterior. O seu resultado regularizase coa primeira liquidación do ano seguinte.

O prezo/km do servizo de autobús urbano será que resulte dos datos oficiais achegados polo Concello da Coruña a través da empresa titular da concesión da rede única de transporte colectivo urbano de viaxeiros na zona urbana da Coruña, tendo en conta os datos achegados no último exercicio contable pechado. Poderá calquera das partes solicitar cantas aclaracións consideren oportunas para aceptar este custo.

Aprobado o prezo/km inicial conforme ao procedemento anteriormente descrito, actualizarase este na mesma porcentaxe en que se actualice a tarifa ordinaria de autobús para o Concello da Coruña.

4. En todo o relativo á ampliación do servizo de autobús obxecto do convenio se aplicarán as normas que regulan o funcionamento do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros mediante autobuses da cidade da Coruña,

Cuarta. Control

A execución deste convenio quedará sometida á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Todo iso sen prexuízo do exercicio das funcións fiscalizadoras propias da Intervención Xeral de cada administración local conforme aos criterios e procedemento establecidos na lexislación e normativa de desenvolvemento que resulta de aplicación.


Quinta. Comisións Técnicas e de Seguimento

1. Créase unha Comisión Técnica composta por unha persoa en representación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, designada para o efecto pola Dirección Xeral de Mobilidade, e por unha persoa en representación de cada un dos concellos asinantes. A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade designará ademais unha persoa que realizará as funcións de secretaria, con voz pero sen voto; non obstante, poderá se nomeada para o efecto a mesma persoa que actúe en representación da consellería, en cuxo caso terá voz e voto.

Esta comisión terá as seguintes funcións:

- Vixiar o cumprimento do convenio, elevando á Comisión de Seguimento os informes precisos.
- Coordinar o seu desenvolvemento, de acordo coas instrucións emitidas, no seu caso, pola Comisión de Seguimento.
- Propoñerlle á Comisión de Seguimento as interpretacións do convenio que resulten máis axeitadas para resolver as dúbidas que se presenten durante a súa execución.
- Asistir e informar á Comisión de Seguimento para resolver as posibles controversias xurdidas durante o cumprimento do convenio.
- Informar á Comisión de Seguimento sobre as modificacións das condicións do servizo, nos termos previstos na cláusula segunda.
- Auxiliar, con carácter xeral, á Comisión de Seguimento.

2. Constitúese unha Comisión de Seguimento, que estará composta pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, ou aquela en quen delegue, e pola persoa titular de cada unha das alcaldías dos concellos asinantes, ou aquela en quen deleguen. A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade designará ademais unha persoa que desenvolverá as funcións de secretaria, con voz pero sen voto.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

As xuntanzas da comisión poderá asistir o persoal técnico de ambas as dúas partes que consideren oportuno para a mellor resolución dos asuntos.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- Ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento do convenio e para asegurar o seu cumprimento.
- Interpretar o convenio para resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento.
- Resolver as posibles controversias que xurdan durante a execución.
- Modificar as condicións de prestación do servizo recollidas no anexo, de acordo co disposto na cláusula segunda. Especificamente, a Comisión de Seguimento poderá adoptar o acordo de modificación de entre as dúas alternativas de explotación de entre as propostas incorporadas no anexo I deste convenio.

3. Os acordos da Comisión Técnica e da Comisión de Seguimento adoptaranse por unanimidade.

Sexta. Consentimento para a publicación de datos e relación coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

1. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, de 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

2. A subscrición do convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto daquel e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Arteixo e o Concello de Culleredo, de xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos ocorridos durante o seu cumprimento.

Séptima. Causas de resolución

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna á outra cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.
- A desistencia de calquera das partes asinantes, exercida nos termos da cláusula terceira.
- O mutuo acordo das partes.
- A causa prevista na cláusula décima do presente convenio.

Oitava. Competencia xurisdiccional

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias xurdidas na execución deste convenio que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento.

Novena. Natureza xurídica e normativa aplicable

1. Este convenio subscríbese ao abeiro da disposición adicional décimo segunda, punto 1, letra a), da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e como tal ten carácter inmediatamente executivo e vinculante para as partes.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I00AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

2. Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

3. Este convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Décima. Vixencia

Este convenio terá vixencia por catro anos a contar dende a súa formalización.

En calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as administracións participantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

No caso en que o servizo de carácter interurbano obxecto deste convenio fora incluído entre os novos contratos de transporte que forman parte do novo mapa de transporte interurbano de viaxeiros que actualmente está configurando a Xunta de Galicia, este convenio podería decaer na súa vixencia.

Non obstante, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

C.I.F. P-1503100-H

E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan este convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Polo Concello da Coruña

Polo Concello de Arteixo

Polo Concello de Culleredo

ANEXO TÉCNICO I

OPCIONES DE SERVICIO

Existen dúas propostas de itinerario posibles dende a actual finalización da liña, na Urbanización de O Carón, ata as 3 paradas requiridas polos concellos, así como os kilómetros e o tempo necesario para realizar esas extensións.

OPCIÓN A:

Esta opción propón o itinerario máis adecuado para cubrir o servizo nas tres paradas demandadas, da maneira máis óptima. Sería o percorrido de menor lonxitude, polo que sería o máis rápido e o máis económico,

ofrecendo así o mellor servizo aos usuarios. Ademais, a parada en travesía da Cornixa podería establecerse no mellor lugar para os veciños, en lugar de ao principio da rúa, como se propón na opción B, pola necesidade de realizar o cambio de sentido.

Ademais, é máis probable que este percorrido se poida realizar sen necesidade de recorrer a servizos adicionais e mantendo o horario establecido actualmente para a liña 24.

Con todo, esta proposta unicamente é posible no caso de que se habilite a conexión coa travesía da Cornixa e a rúa Juan de Otero, xa que actualmente non hai asfalto en ambos os sentidos, ademais de estar cortado o paso a vehículos mediante rocas.

A intervención neste viario é mínima, xa que as beirarrúas están construídas e o paso está aplanado e listo para ser asfaltado. O custo desta intervención poderíase recuperar cos aforros do servizo que ofrece este itinerario.

C.I.F. P-1503100-H



Percorrido: Desde O Carón ata a actual parada en urbanización Los Olivos pola travesía da Xesteira. Regreso pola rúa Juan de Otero para ir cara a Montegolf pola a travesía da Cornixa, onde se faría a parada desta poboación para volver despois cara a O Carón a tomar o percorrido orixinal.

Paradas: 3 paradas adicionais: 2 en Los Olivos e 1 en Montegolf.

Distancia total por expedición: 4,6 Quilómetros

Expedicións diarias: 6 en laborables, 3 os Sábados e 2 Domingos e festivos.

	Días ao ano (ref. 2017)	Expedicións diarias	Exp. Ano
Laborables	246	6	1476
Sábados	52	3	156
Domingos e Festivos	67	2	134
	Total expedicións ao ano		1766
	Quilómetros/expedición		4,6


	Total quilómetros adicionais/ano	8123,6
--	---	---------------

OPCION B

Esta opción é a única que sería viable a día de hoxe, dado que a conexión máis directa entre Montegolf e Los Olivos está actualmente cortada. Esta opción obriga a realizar un cambio de sentido na Travesía da Cornixa, ademais de percorrer case un quilómetro adicional por cada expedición, de maneira que se amplía o tempo necesario para realizar o percorrido.

Isto obrigará con maior probabilidade a que se deban axustar os horarios propostos, de maneira que podería incidir significativamente na hora e na frecuencia de paso actual e proposta.

C.I.F. P-1503100-H



Percorrido: Desde O Carón ata a actual parada en urbanización Los Olivos pola travesía da Xesteira. Regreso pola mesma travesía para tomar a travesía da Cornixa e ata as portas de Montegolf, onde se daría a volta cara a O Carón para retomar o percorrido habitual da liña.

Paradas: 3 paradas adicionais: 2 en Los Olivos e 1 en Montegolf.

Distancia Total por expedición: 5,3 Quilómetros

Expedicións diarias: 6 en laborables, 3 os Sábados e 2 Domingos e festivos.

	Días ao ano (ref. 2017)	Expedicións diarias	Exp. Ano
Laborables	246	6	1476
Sábados	52	3	156
Domingos e Festivos	67	2	134
	Total expedicións ao ano		1766
	Quilómetros/expedición		5,3
	Total quilómetros adicionais/ano		9359,8

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

DEFINICIÓN SERVIZO A PRESTAR

En tanto se habilita para a circulación o vial previsto na opción A, se utilizará a única opción posible, a B. Unha vez habilitado, seguirase o procedemento establecido na cláusula segunda deste Convenio.

CUSTO DO SERVIZO

Se establece un prezo de **1,30 €/km adicional de liña percorrido**. O número de quilómetros requiridos para realizar o servizo determinarán por tanto o custo total máximo do servizo teórico.

Este será o custo por quilómetro de ampliar as expedicións xa existentes nos horarios requiridos, o cal non implicaría ningún incremento na frota nin horas adicionais no persoal. É por iso que o custo do quilómetro adicional nestas condicións, é tan baixo. Con todo, é posible que se teña que variar a hora de paso durante as expedicións que se queiran realizar con esta extensión, especialmente coa opción B. No caso de que, para evitar este axuste horario, requírase un reforzo das expedicións nas horas nas que se pretende facer o percorrido adicional, o custo sería de **3,4 €/Km de reforzo adicional**.

Para o caso en que se esixa un reforzo da liña 24, contaríase ademais cos quilómetros totais a percorrer, xa que é un servizo que a liña, en si, non necesita en ningún momento do día, (a liña UDC funciona xa como reforzo dos centros escolares e universitarios polos que da servizo a liña 24) ademais de que non existe unha demanda suficiente que poida xustificar a súa implantación.

A Liña 24 percorre 9,22 Quilómetros de Ida e 9,46 quilómetros de volta, ademais de 4,4 kms de ida e volta entra a cocheira e a praza de Pontevedra. Así pois, cada expedición adicional de reforzo, supón percorrer 23,08 Kms, cun custo de **78,47 € /expedición**.

A factura para emitir pola compañía á administración ou administracións interesadas, incluír á prezo por quilómetro ofertado, multiplicado polo número de quilómetros adicionais que se requiran para o funcionamento dos horarios e expedicións necesarias.

A esta cantidade descontaríanselle os ingresos dos viaxeiros que se suban nas novas paradas, multiplicado por 1,9. Desta maneira inclúense non soamente aos clientes que se soben ao servizo nas paradas adicionais como orixe dos seus desprazamentos, senón tamén para baixarse como destino, provenientes doutros puntos da cidade, baixo a premisa de que o 90% dos usuarios que se soben na liña, viñeron ou volverán no mesmo servizo de autobús. Actualmente, os ingresos de cada viaxeiro son de 1,18182€.

Este prezo poderá ser revisado anualmente, en función dos incrementos dos custos de explotación e tamén polas variacións do prezo do billete.

PREZO DO SERVICIO = 1,30€/Km X [Nº Kms adicionais de liña] + 3,4€/km X [º kms de reforzo] - [Nº Viaxeiros novos] X 1,182 x 1,9

Así pois, sen descontar os viaxeiros que poidan subirse nas novas paradas:

O custo Anual da Opción A será de: 10.560,68 €/ano

O custo anual do Opción B será de: 12.167,74 €/ano

Para ambas opcións, a ampliación cunha nova expedición de reforzo tería un custo de sería de **19.304,11 €/Expedición adicional ano**.

EXPEDICIÓNs:

Realízanse dúas propostas comúns para ambas propostas de percorrido, tanto A coma B, en función do manifestado polos concellos interesados nas necesidades dos vecinos. Con todo, é esencial ter en conta que as expedicións e os horarios poden verse modificados en caso de necesitar axustarse ao que poida xurdir, a medida que se revise cos grupos de interese ou unha vez probado o novo servizo, afectando así o servizo xeral da liña.

Ademais, como xa se dixo anteriormente, o axuste do horario será máis probable no caso de que leve a cabo a opción B en lugar da A, por ser a opción B un percorrido máis longo e lento.

Proposta A

- Laborables: 7:20, 7:45, 14:25, 15:25, 20:55 e 22:45
- Sábados: 10:25, 14:25 e 22:25
- Domingos e Festivos: 14:25 e 23:10.

Proposta B

- Laborables: 7:20, 8:35, 14:25, 15:25, 20:55 e 22:45
- Sábados: 10:25, 14:25 e 22:25
- Domingos e Festivos: 14:25 e 23:10.

C.I.F. P-1503100-H

Como se pode ver, preténdese manter os mesmos horarios de saída desde a praza de Pontevedra.

ANEXO TÉCNICO II.

LIÑA 24.(2400) LABORABLES

TURNO	24-		TURNO	24-A
Cocheira	06:50		Cocheira	07:15
P. PONTEVEDRA	ZAPATEIRA		P.PONTEVEDRA	ZAPATEIRA
07:00	07:20		07:25	07:45
07:45	08:10		08:10	08:35
08:35	09:00		09:00	09:30
09:30	10:00		10:00	10:30
10:30	11:00		11:00	11:30
11:30	12:00		12:00	12:30
12:30	13:00		13:00	13:30
13:30	14:00		14:00	14:25
14:30	15:00		15:00	15:25
15:30	16:00		16:00	16:30
16:30	17:00		17:00	17:30
17:30	18:00		18:00	18:30

18:30	19:00		19:00	19:30
19:30	20:00		20:00	20:30
20:30	20:55		21:00	21:25
21:20	21:45		21:45	22:05
22:05	22:25		22:25	22:45
22:45				23:05
RETIRA	22:55		RETIRA	23:15

Os horarios sinalados en vermello con fondo de cor son os de saída da urbanizacións Los Olivos. O valor con fondo en cor laranxa corresponde á alternativa de horario da proposta B contra a proposta A.

C.I.F. P-1503100-H

LIÑA 24.(2400) SÁBADOS	
TURNO	24-
Cocheira	07:05
P.PONTEVEDRA	ZAPATEIRA
07:15	07:30
07:45	08:00
08:15	08:35
09:00	09:30
10:00	10:25
11:00	11:30
12:00	12:30
13:00	13:30
14:00	14:25
15:00	15:30
16:00	16:30
17:00	17:30
18:00	18:30
19:00	19:30
20:00	20:30
21:00	21:30
22:00	22:25
22:50	
RETIRA	23:00

Os horarios sinalados en vermello con fonde de cor son os de saída da urbanización Los Olivos.

LIÑA 24.(2400) FESTIVOS

TURNO	24-
Cocheira	07:50
P. PONTEVEDRA	ZAPATEIRA
08:00	08:15
08:30	08:45
09:00	09:30
10:00	10:30
11:00	11:30
12:00	12:30
13:00	13:30
14:00	14:25
15:00	15:30
16:00	16:30
17:00	17:30
18:00	18:30
19:00	19:30
20:00	20:30
21:00	21:30
22:00	22:25
22:45	23:10
23:35	
RETIRA	23:45

Os horarios sinalados en vermello con fondo de cor son os de saída da urbanización Los Olivos.”

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación deste Convenio.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, pregunta se esta proposta non necesita informe porque supón unhas modificacións e a inicial o tiña.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non é necesario, que a proposta inicial tiña informe pero que enviou o expediente a Secretaría e desde este órgano lle informaron de que non era necesario.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, pregunta se esta proposta foi aprobada polo Concello da Coruña e Arteixo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que si, que o traen ao Pleno xa consensuado co Concello da Coruña, Arteixo e a Xunta; que o Concello de Arteixo non ten hoxe o Pleno ordinario xa que o fai o día un de abril por mor da elección dos membros das mesas electorais e o equipo de goberno de Culleredo acordou que como Culleredo tiña

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

hoxe Pleno ordinario traer esta proposta e sometela a debate e votación, pero que tanto Coruña, como Arteixo e a Xunta están de acordo co contido desta proposta.

De seguido intervéñ de novo o Sr. Cañás Varela e pregunta se de momento non foi aprobado nin por Coruña, nin por Arteixo nin pola Xunta.

Intervén o Sr. alcalde e di que Arteixo o aprobará o día un e que o Concello de A Coruña non ten que levalo ao Pleno senón á Xunta de Goberno e que agarda que non haxa máis modificacións e que esta sexa a definitiva; que tiñan acordado levalo ao Pleno todos xuntos pero o Concello de Arteixo acordou non facer o pleno de hoxe polo que o levará o día un de abril.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 22 de marzo de 2019, que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase adoptado o acordo anteriormente transcrito.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DE CIDADÁNS POLA NECESIDADE DE SEGUIR TRABALLANDO E DESENVOLVENDO MEDIDAS PARA ACADAR UNHA IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción de Cidadáns, de data 1 de marzo de 2019, relativa á necesidade de seguir traballando e desenvolvendo medidas para alcanzar unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

“D. Jesús Manuel Vázquez Lozano, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal Ciudadanos –Partido da Cidadanía, con Cif V70509112, (incluído no grupo mixto) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día, a seguinte MOCIÓN:

POLA NECESIDADE DE SEGUIR TRABALLANDO E DESENVOLVENDO MEDIDAS PARA ALCANZAR UNHA IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES

O feminismo representa un dos maiores movementos sociais no mundo global do século XXI e protagonizou nos últimos anos algunhas das mobilizacións máis multitudinarias que se lembran no noso país.

É certo que avanzamos moito na causa da igualdade entre mulleres e homes. En España, desde que hai case 90 anos a liberal Clara Campoamor defendese o sufraxio feminino na tribuna do Congreso e consegue convencer a unha maioría de deputados de aprobar o voto para a muller, son moitos os pasos que logramos para aproximarnos ao obxectivo da igualdade. Porque, en tempos nos que algúns queren recortar dereitos, é preciso lembralo: o feminismo é unha causa nobre que persegue a igualdade formal e efectiva entre mulleres e homes.

Co Estado social e de dereito chegaron o divorcio, a autonomía económica ou o aborto. E nunha segunda onda, co cambio de século, a lei de igualdade que introducía por vez primeira un permiso de paternidade de 13 días. Posteriormente, tras a quebra do bipartidismo, Ciudadanos conseguiu ampliar ese permiso ata as cinco semanas actuais, nunha progresión cuxa aspiración última ha de ser a equiparación total.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

A igualación dos permisos de maternidade e paternidade é unha das medidas clave para combater a brecha salarial e a discriminación que padecen as mulleres no ámbito laboral. Unha discriminación inducida por unha lexislación inxusta. A miúdo dise que a igualdade formal entre mulleres e homes xa foi alcanzada, pero a súa consagración na Constitución non é suficiente. A lexislación laboral é responsable de inducir unha desigualdade por razón de xénero que se traduce na existencia da brecha salarial.

Unha regulación que establece permisos desiguais por razón de xénero é unha lexislación que non trata de forma igualitaria aos seus traballadores e que discrimina a unha parte deles: as mulleres. O mercado laboral é competitivo, e nesa competición as mulleres parten con desvantaxe. A evidencia empírica dispoñible é unánime, en España e na inmensa maioría de países avanzados, en sinalar o nacemento do primeiro fillo como o momento en que se inicia unha brecha salarial que non se pecha xa durante toda a vida laboral da muller e que ten consecuencias sobre a súa pensión de xubilación, perpetuando dese modo a desigualdade económica máis aló da etapa profesional.

Ademais, unha lexislación que establece permisos desiguais por maternidade e paternidade está a crear expectativas aos cidadáns sobre cal é o papel de homes e mulleres na sociedade, sinalando a estas como as persoas sobre as que ha de recaer o maior peso da crianza. Ter fillos é un proxecto de vida compartido no que mulleres e homes teñen unha responsabilidade parella. Pero de pouco serve reivindicar desde a sociedade civil a necesaria corresponsabilidade se as nosas leis continúan sinalando ás mulleres como as persoas ás que incumben en maior medida as tarefas familiares e do ámbito doméstico.

Atallar esta desigualdade formal é un paso fundamental para alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Equiparar a regulación de permisos permitirá combater a brecha salarial, achegándonos á igualdade laboral e económica. E eses cambios económicos veranse reflectidos nas actitudes cara ás mulleres e no seu status social. É un esforzo imprescindible, pero que non debe acabar aquí.

A brecha salarial entre homes e mulleres en España aumenta ao 37,5% ao ter fillos, segundo os últimos datos do Instituto Europeo de Igualdade de Xénero. As carreiras dos homes non ven penalizadas pola paternidade, mentres que as mulleres experimentan un estancamento indeseado. Desde o punto de vista do empresario, contratar a unha muller que é nai ou está en idade de ter fillos implica un risco respecto a a opción de contratar a un home: a súa baixa será máis longa e a súa dispoñibilidade laboral menor. Ademais, co nacemento dos fillos, as mulleres son as que ven abocadas en moita maior medida a solicitar excedencias para o coidado de familiares a cargo ou a reducir a súa xornada de traballo. E non é unha elección voluntaria: a EPA dinos que nove de cada dez mulleres que traballa a tempo parcial quereda facelo máis horas.

Ademais de avanzar na equiparación de permisos debemos poñer en marcha outros mecanismos que favorezan a conciliación, de modo que as mulleres non teñan que elixir entre a súa carreira profesional e ser nai. Neste sentido resulta crucial o papel dunha educación de cero a tres anos universal e gratuíta. Os elevados custos de garderías e escolas infantís obrigan a moitas mulleres de clase media ou traballadora a abandonar ou relegar a súa carreira profesional para poder atender aos seus fillos. Por tanto, unha política ambiciosa na cobertura de 0 a 3 anos é unha política que favorece a igualdade entre mulleres e homes e tamén é unha política redistributiva: as mulleres que ven máis penalizadas pola maternidade son as mulleres de menos recursos.

A terceira pata crave é a flexibilidade. En España temos uns horarios laborais que fan incompatible a conciliación da vida laboral e familiar. Debemos dar un paso de xigante en políticas de racionalización de horarios, flexibilidade e teletraballo para eliminar as barreiras que fan imposible a igualdade real. Empresas, traballadores e institucións deben chegar a un acordo para adaptarse a un modelo laboral que funcione para as demandas do século XXI. Neste sentido, é imprescindible facer un esforzo para procurar unha maior visibilidade de mulleres, con obxectivos claros e políticas ambiciosas de transparencia, seguindo os exemplos de éxito doutros países que constitúan modelos sociais a seguir, así como perseguir a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos executivos e de dirección de organismos públicos e privados.

Por todo iso, Ciudadanos presenta a seguinte:

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

MOCIÓN

O Concello de Culleredo manifesta a necesidade de seguir traballando e desenvolvendo medidas para alcanzar unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, e por ese motivo, insta o Goberno de España a traballar pola devandita igualdade implementando as seguintes medidas:

1. Aumentar e equiparar os permisos de maternidade e paternidade, promovendo a corresponsabilidade no seu exercicio entre os proxenitores.
2. Garantir o dereito das mulleres ao acceso ao emprego, á promoción profesional en igualdade de condicións sen que sufran discriminación por razón de sexo.
3. Garantir o dereito á igualdade de remuneración por traballos de igual valor, evitando calquera discriminación por razón de sexo, e mellorar a transparencia salarial e o acceso dos traballadores á información sobre as retribucións da súa empresa, xa sexa a través dos seus representantes, ou de maneira directa.
4. Promover xunto co resto das Administracións Públicas unha cultura cívica baseada na igualdade real entre todas as persoas con independencia do seu sexo, en particular, no ámbito laboral e profesional.
5. Mellorar a supervisión e avaliación dos plans de igualdade desenvolvidos polas empresas segundo os requisitos establecidos na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, así como incentivar a implantación voluntaria dos devanditos plans polas pequenas e medianas empresas.
6. Mellorar as políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a través de novas medidas, como a promoción do traballo a distancia, a creación de bancos de horas ou o establecemento de novos permisos relativos a horas de libre disposición, así como mediante a mellora os xa existentes, especialmente os relativos ao coidado de menores ou dependentes a cargo.
7. Impulsar a universalización e a gratuidade do primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos para facer efectivas as posibilidades de toda a poboación infantil en todo o territorio nacional de acceder a esta etapa educativa, coa finalidade de promover o desenvolvemento temperán de habilidades cognitivas, a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
8. Desenvolver e traballar, xunto coas organizacións sindicais e empresariais, as asociacións profesionais de traballadores autónomos e as asociacións da sociedade civil máis representativas cuxa finalidade sexa promover a racionalización dos horarios españois, para promover e acordar un Pacto Nacional para a Racionalización de Horarios e a Conciliación, que sente as bases para unha organización do tempo de traballo compatibles co #gozar efectivo do tempo de descanso e a atención adecuada ás responsabilidades familiares.
9. Desenvolver os avances logrados coa aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, implementando, con dotación orzamentaria suficiente, todas e cada unha das medidas acordadas no mesmo.
10. Elaborar e aprobar un Proxecto de Lei contra a Violencia Sexual, de acordo ás obrigacións contraídas por España co Convenio de Istambul e ás recomendacións emanadas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a fin de regular e introducir medidas para combater e erradicar a violencia sexual en todos os ámbitos e, en especial, medidas que melloren a resposta institucional inmediata que reciban as vítimas desta violencia, así como o tratamento estatístico e estudo académico das devanditas respostas para avaliar os seus resultados e promover a súa eficacia."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que na pasada Xunta de Voceiros miraron de facer unha moción institucional e que, como no parágrafo número 3 da moción faise referencia ao partido Cidadáns do que el forma parte, solicita, se o resto da Corporación presta a súa conformidade, retirar o parágrafo número 3 e levala como un consenso xeral de todos os partidos que integran a Corporación de Culleredo.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I00AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

A continuación intervén o Sr. alcalde e di que se retira o parágrafo número 3 da moción de Cidadáns, a solicitude do seu propoñente, e pregunta se algún dos asistentes ten algunha pregunta que facer ou aclaración ou emenda que queira presentar.

De seguido o Sr. alcalde pídelo ao Sr. Vázquez Lozano que lea o parágrafo da moción que se retira.

A continuación o Sr. Lozano procede á lectura do citado parágrafo, que di: “Co Estado social e de dereito chegaron o divorcio, a autonomía económica ou o aborto. E nunha segunda onda, co cambio de século, a lei de igualdade que introducía por vez primeira un permiso de paternidade de 13 días. Posteriormente, tras a quebra do bipartidismo, Ciudadanos conseguiu ampliar ese permiso ata as cinco semanas actuais, nunha progresión cuxa aspiración última ha de ser a equiparación total.”

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do concelleiro de Cidadáns, Sr. Vázquez Lozano, de data 1 de marzo de 2019, unha vez retirado da mesma o parágrafo antes transcrito, sendo aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DA CONCELEIRA NON ADSCRITA PARA A AUDITORÍA PÚBLICA DOS SERVIZOS XESTIONADOS INDIRECTAMENTE NO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción da concelleira non adscrita, de data 21 de marzo de 2019, relativa á auditoría pública dos servizos xestionados indirectamente no Concello de Culleredo, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

“Verónica Rivadulla Deschamps, concelleira non adscrita neste Concello de Culleredo, e de acordo coa lexislación vixente, eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate, e se procede aprobación a seguinte MOCIÓN para ser incluída na orde do día do pleno ordinario do vindeiro xoves:


MOCIÓN PARA A AUDITORÍA PÚBLICA DOS SERVIZOS XESTIONADOS INDIRECTAMENTE NO CONCELLO DE CULLEREDO

A interventora do concello emite informe con data de 19 de xuño de 2018, do que se deu conta a este pleno en xaneiro, e que dicía:

“...el órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio, tanto las que deriven de una obligación legal como las que se seleccionen en base a los riesgos, objetivos, prioridades y medios disponibles.

A estos efectos, el artículo 34 prevé la colaboración pública o privada mediante convenios o la contratación de firmas privadas de auditoría para lo que se consignarán en los presupuestos las cuantías suficientes.”

Enténdese que a interventora estima imprescindible a auditoría pública dos servizos que se xestionan de forma indirecta, e que como todos sabemos dan lugar a reiterados informes de reparos e notas informativas da secretaria,

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

un mes tras doutro, que mesmo fala de nulidade de pleno dereito e que non cumpren o procedemento de contratación. Polo tanto,

Proponse ao Pleno:

Que se inicien os trámites de contratación dunha empresa auditora nas condicións que establece a interventora.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non pode estar máis de acordo co contido desta moción, non podendo entender que, tratándose dun informe do mes de xuño de 2018, non se dera conta ata xaneiro de 2019 e que sexa necesario que veña unha proposta para que isto se faga e que unha proposta como esta xa debería terse levado a cabo polo propio goberno municipal porque se trata dunha indicación da interventora.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que no informe presentado pola señora interventora fanse constar artigos da Lei e que evidentemente todos saben que a contratación externa para realizar as funcións que teñen atribuídas os habilitados nacionais están prohibidas salvo que por parte da propia habilitada nacional se requira a realización dese traballo e xustificando de maneira clara a situación que se dá para que non poida realizar as súas funcións, debendo asumir neste caso a dirección e os resultados que se obteñan con dita auditoría; que o seu grupo está a favor da realización das auditorías pero neste caso estase a falar dun control interno que deberían realizar os propios funcionarios habilitados nacionais do Concello que deberían ter feito ese traballo; que entenden tamén que o servizo non conta cos funcionarios suficientes para poder realizar todas as funcións encomendadas pero mentres non queden clarificadas nun informe esas necesidades o seu grupo ten serias dúbidas sobre a conveniencia de facer unha contratación externa dunha empresa privada.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que evidentemente o seu grupo está totalmente de acordo co fondo da moción que se presenta porque ademais esta cuestión xa está regulamentada e establecida normativamente, e que a normativa do Decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, xa o establece expresamente e di que a interventora, que ten unha función de control permanente, ten tamén a función de auditoría pública, e que o que precisa é que se realice e se desenvolva esa auditoría, correspondéndolle á propia interventora e ao órgano de Intervención determinar cando se fai, como se fai, con que bases e con que criterios, e unha vez que a interventora establece esas bases e eses criterios, tramitárase porque é o que corresponde e non pode ser doutra maneira.

A continuación a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela, di que solicita intervir e o Sr. alcalde lle responde que nese momento vaise abrir un turno de réplica por se a Sra. Deschamps quere replicar e que, non habendo alusión ningunha á súa persoa nin a nada do que ela dixera, non lle pode dar o turno de palabra.

Intervén a Sra. Ferreiro Varela e pregunta se non pode intervir.

Responde o Sr. alcalde e di que non se trata de que non poida falar senón de que hai un regulamento e que debería ter pedido a palabra; que a moción é da concelleira non adscrita e a ela lle corresponde replicar todo o que se diga, e que polo tanto, non habendo ningunha alusión puntual a nada do que dixera a Sra. Ferreiro Varela nin ao grupo do que forma parte, non procede agora puntualizar nada.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

Intervén a Sra. Ferreiro Varela e di que se non pode falar non pode falar pero que ela cre que o voceiro dixo, e que ademais saiu na prensa, que se ía facer esa auditoría, entendéndolle agora ao mesmo voceiro que non se faría ata que a interventora o diga, polo que solicita aclaración e confirmación sobre estas afirmacións.

A continuación o Sr. alcalde-presidente pregúntalle á Sra. Deschamps se quere intervir.

A Sra. Deschamps responde afirmativamente e o Sr. alcalde dalle o turno de palabra.

Intervén a concelleira non adscrita e di que ela entende que a señora interventora xa pediu esa auditoría e que se faga nas condicións que ela establece polo que considera que non é necesario que engada agora nada máis.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, dicindo o Sr. alcalde-presidente que o debate o pecha a concelleira propoñente da moción.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que cre recordar que o regulamento establece a posibilidade dunha segunda rolda de intervencións e que pecha o debate a propoñente, e que el se sorprendeu co que acaba de escoitar pois tanto o voceiro do equipo de goberno como o voceiro da Marea Veciñal din que hai que motivar e motivado xa estaba pois o extracto que na moción recolle a concelleira non adscrita non o di pero que o informe da interventora era máis extenso; que el fala de memoria pero que na sesión atópase a señora interventora que o podería aclarar e que el cre que si estaba motivado e que o referido informe di que ao non contar con persoal propio, suxire contratar unha auditoría, preguntándolle aos membros da Corporación se algún máis recorda ese dato; que el pódese equivocar pero cre recordar que a señora interventora informou que procedía auditar os servizos públicos xestionados indirectamente, falando tamén das subvencións que deberían ser tamén auditadas; que el no debate de orzamentos que houbo hai pouco preguntou como se retribúe actualmente á empresa que presta o servizo da auga, para o que se orzamentaron 500.000 euros e que non lle souberon explicar como se está prestando hoxe en día, estando xa desde o 2015 fora de prazo e fora de prórroga e que habería que rescatar no arquivo o contrato da auga de hai 25 anos polo que el considera que si procede auditar este servizo, porque o di a interventora e o motivou e porque no pleno se pode decidir entre todos.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o Sr. alcalde e di que a motivación está ben clara e que non ten nada que ver co que concreta o Sr. Chouciño Garrido, dirixíndose a continuación á Sra. Deschamps para preguntarlle se desexa intervir novamente ou pecha a votación.

Responde a Sra. Deschamps dicindo que non desexa intervir novamente.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción da concelleira non adscrita, de data 21 de marzo de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (dez) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 11 (once) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias e Taibo Gago.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción da concelleira non adscrita, de data 21 de marzo de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BNG SOBRE CONTESTACIÓN DE ALEGACIÓNS AO PXOM.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do BNG, de data 20 de marzo de 2019, relativa á contestación de alegacións rexeitadas do PXOM, que é ratificada por unanimidade.

Despoides, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG-Asembleas Abertas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta de contestación de alegacións rexeitadas do PXOM

Vai rematando o mandato 2015-2019 e non se ven avances no PXOM. Desde o BNG dedicamos moito tempo a revisar a documentación que se remitiu á Consellería de Medio Ambiente e tomamos nota de múltiples cuestións. Unha delas é que hai múltiples desas alegacións rexeitadas. En ben de casos, os alegantes reclamaban convenios urbanísticos asinados coa Administración Municipal, e así e todo as contestacións eran desfavorables para o alegante. Debido a isto solicitamos acceso aos convenios de transcendencia urbanística, e despois de moitos esforzos, con petición á Valedora do Pobo incluída, conseguimos ver a documentación que nos indicaban que tiña ese contido. Alí puidemos ver que a maior parte deses convenios eran simples escritos asinados polo anterior alcalde, que carecían dos correspondentes informes de Urbanismo, Servizo Xurídico, Intervención e Secretaría. Eran o que se pode dicir “papel mollado”.

É importante que a xente poida saber que pasou coas súas alegacións.

Desde o goberno municipal tense rexeitado en múltiples ocasións as peticións de contestar as alegacións baseándose en que poderían crear falsas expectativas porque estarían condicionadas á aprobación definitiva pola Xunta.

Obviamente, iso pasaría para as contestacións positivas, mais non para as rexeitadas. E a xente ten dereito a coñecer que pasou cos seus convenios, nos que tiña posto a confianza e as expectativas das súas propiedades.

É por iso que queremos propoñer ao Pleno da Corporación, para o seu debate e se procede, aprobación:

- Que se fagan os trámites oportunos para contestar as alegacións ao PXOM que foron rexeitadas no que vai de tramitación.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que está rematando o mandato 2015-2019 e que, aínda que non o puxo na exposición de motivos da súa moción, cre que todas as forzas políticas representadas no pleno levaban como un dos seus obxectivos nos respectivos programas, que o Plan Xeral de Ordenación Municipal ía saír xa porque se iniciou no 2008 despois de terse iniciado e cancelado o anterior que non prosperou; que corre o 2019 e desde o BNG adicaron moito tempo a revisar a documentación que se remitiu á Consellería de Medio Ambiente e tomaron nota de múltiples cuestións, sendo unha delas as múltiples alegacións, das que presentaron veciños e entidades, que foron rexeitadas; que en ben de casos os alegantes reclamaban convenios urbanísticos asinados coa Administración municipal e que aínda así as contestacións eran desfavorables para os alegantes; que xa dixo algunha vez que cando se lle deu acceso ao expediente fixo reconto e cre recordar que había como 66 ou 67 mencións á palabra convenio nas alegacións rexeitadas, e se ben algunha delas repetía a palabra convenio na mesma alegación,

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	


parecelles un tema importante e debido a iso solicitaron acceso aos convenios de transcendencia urbanística; que despois de moitos esforzos, con mediación da Valedora do Pobo incluída, conseguiron ver a documentación que indicaban tiña ese contido e na que puideron ver que a maior parte dos chamados convenios eran simples escritos asinados polo anterior alcalde que carecían dos correspondentes informes tanto de Urbanismo, como do Servizo Xurídico, a Intervención ou a Secretaría, tratándose do que se pode chamar “papel mollado”, tramitacións totalmente incompletas; que é importante que a xente saiba que pasou coas súas alegacións e cos seus convenios; que desde o goberno municipal téñense rexeitado en múltiples ocasións as peticións de contestar as alegacións, evidentemente as positivas, baseándose en que poderían crear falsas expectativas porque estarían condicionadas á aprobación definitiva da Xunta, que é quen ten a última palabra para aprobar definitivamente o documento do PXOM; que non ocorre o mesmo no caso das negativas e claramente se lle pode contestar a esa persoa que ten dereito a saber que foi da súa tramitación, polo que solicitan que se fagan os trámites oportunos para contestar as alegacións ao PXOM que foron rexeitadas no que vai de tramitación e así poder ter algún avance en canto ao que é o PXOM e a xente vaia sabendo que pasa con esta cuestión que non avanzou nada, estando agora ás portas dun novo proceso electoral sen que se vexa pinta de que isto vaia prosperar.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar esta proposta porque non pode ser doutra forma e non entenden que poida haber algún grupo que diga que non ao que se propón porque cando hai uns anos se empezou a tramitar este Plan Xeral, nunha das comisións que se celebraban periodicamente e nas que estaba o anterior alcalde pero tamén o actual voceiro do PSdeG-PSOE, acordouse, co equipo redactor e co arquitecto diante como testemuñas, que se ían comunicar as resolucións das alegacións dos veciños a medida que se foran solucionando; que non se fixo e que tras moitos debates e discrepancias sobre o tema, nunha desas comisións especiais convocadas para o Plan Xeral volveuse a tratar este tema e díxose que non se comunicaban porque podían crear falsas expectativas se se estimaban e a Xunta dicía o contrario; que isto pódese entender respecto das positivas, pero das negativas non polo que non entende que estas tampouco se comuniquen, tal como acordaron todos os grupos que formaban parte da dita comisión do PXOM, e que por este motivo comparten totalmente o proposto polo concelleiro do BNG; que lle poden dicir agora que iso non foi así pero el asegura, fehacientemente, que foi así, sen a máis mínima dúbida, e que o compromiso do anterior alcalde e do voceiro do PSdeG-PSOE, que é o mesmo que o de agora, foi que iso se ía facer así, e non se fixo, estando todavía agora a tempo, aínda que sexa tarde, para facelo; que nesta lexislatura convocouse a Comisión Especial do PXOM e nela explicaron o que se tiña que modificar para sometelo a informe medioambiental, quedando en que se lles ía convocar pasadas unhas semanas e pasaron non xa meses senón anos sen que se lles convocara nin informara polo que aproveita a preguntar, aínda que sabe que non ten que ver directamente co contido da moción, se se lles vai convocar ou non antes de que remate a lexislatura e se van informar aos concelleiros sobre as condicións nas que se atopa o PXOM.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o contido desta moción xa foi obxecto de debate en diversas situacións en comisións e demáis, insistindo en que o PXOM é un documento que agora mesmo se atopa en trámite e que está suxeito a modificacións polo que a data de hoxe non se poden contestar as alegacións porque todavía non están feitas de maneira firme non sendo oportuno contestarlles aos interesados o resultado das súas alegacións cando o documento de momento non está pechado nin listo para a súa aprobación provisional, atopándose os funcionarios municipais traballando moi duramente sobre este documento para emitir os informes finais polo que de momento non se pode determinar exactamente como vai quedar o Plan Xeral tras os ditos informes finais e non se poden contestar as alegacións sen risco de que se produzan erros.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, agradece a expresión de apoio do grupo popular e do seu voceiro, o Sr. Cañás Varela, quen aclarou coa súa intervención unha serie de cuestións como que o que se pide na moción xa estaba acordado no mandato anterior; que con respecto ao dito polo Sr. Taibo Monelos relativo a que o que se solicita xa foi obxecto de debate en

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

anteriores ocasións, di que o que se ten tramitado é unha petición veciñal de que se fixera unha exposición pública que o equipo de goberno rexeitou alegando que demoraría demasiado a aprobación do PXOM, algo urxente tal como pensan todos, e que é inconcebible que agora lle digan que se está traballando duramente sobre este tema; que xa o alcalde saliente, o Sr. Sacristán, cando deixou o cargo, dixo que o PXOM se aprobaría antes de finalizar o 2018, parecendo que todo estaba moi avanzado, véndose agora que hai un problema co PXOM e que o equipo de goberno espera que toda a oposición asista calada para ver como o van solucionar; que o equipo de goberno saca na prensa alusións a propagandas electoralistas e malas intencións cando o que el pensa é que o mandato non rematou polo que a día de hoxe o Sr. Chouciño está traballando e o mes que vén seguirá traballando, sendo inconcebible que o equipo de goberno, ante unha iniciativa para que se faga algo co PXOM, saia con esas excusas pois debería ser o goberno o que tomara a iniciativa para dicir aos concelleiros da oposición cales son eses problemas, cales son esas cuestións que están resolvendo os técnicos e non dan resolto e se realmente o están facendo e en que prazos o están tramitando; que o equipo de goberno debería convocar á Comisión do PXOM, aos membros que a forman, e dicir en que situación está a día de hoxe, que informes se pediron, en que datas, e de cales están pendentes de recibilos; que o equipo de goberno fartouse de publicitar que xa tiña todos os informes sectoriais, favorables, e o BNG recordoulle, cando o PXOM foi a informe da Consellería de Medio Ambiente, que o documento viña cheo de peticións de rectificacións moi importantes e de moito calado, respondendo o equipo de goberno que iso non supoñía un problema cando agora vese que teñen un serio problema para aprobalo polo que solicita llo comuniquen para poder trasladalo á cidadanía e explicarlle que pasa e por que vai concluír un mandato máis sen ter aprobado o PXOM; que lle gustaría moito estar equivocado e pide por favor que neste caso llo digan e que nos dous meses que quedan para rematar o mandato o equipo de goberno vai ser capaz de convocar a comisión, traer a documentación e someter a aprobación o PXOM para mandalo á Xunta para a súa aprobación definitiva, pois, noutro caso, si procede traer esta moción porque a xente pensa que efectivamente ten un convenio que se estableceu no seu momento e no que se acorda por exemplo ceder para unha beirarrúa ou deixar pasar unha tubería ou un cable da luz ou calquera outra concesión a cambio de algo que aparece recollido nese “papelíño” asinado polo anterior alcalde sen ningún tipo de informe que dixera se era posible desde o punto de vista técnico, urbanístico, desde o punto de vista xurídico e desde o punto de vista económico, polo que se fai imprescindible que agora o actual equipo de goberno lle comunique á cidadanía que pasou cos seus convenios, polo menos cos que se rechazan, para que a xente saiba que o que asinou é “papel mollado”.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que vai tratar de aproveitarse da sabedoría do Sr. Taibo Monelos para que o ilustre porque podería ser que el estivera equivocado porque ata onde el entende estes trámites son unha tramitación administrativa pero cando se remite o documento para avaliación medioambiental xa vai coas modificacións que se fixeron tras as alegacións que se aceptaron, e non leva as modificacións que suporían a aceptación das alegacións que foron rechazadas; que o equipo de goberno xa aceptou unhas, que estimaron e levaron á modificación do documento, e rechazaron outras que non produciron ningunha modificación porque xa están rexeitadas, polo que non a día de hoxe senón xa fai anos, o equipo de goberno sabe cales son as alegacións que están desestimadas xa polo Concello e cales estimadas aínda que á espera do que despois diga a Xunta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que considera que nas intervencións feitas estanse a confundir varias cuestións; que por un lado o Sr. Chouciño Garrido falou de traer ao Pleno nun prazo de dous meses a aprobación do PXOM cando ese non é o contido da moción que hoxe presenta senón que trata da notificación das alegacións que os veciños presentaron ao documento de aprobación inicial; que como xa dixo iso non é posible porque o documento non está pechado, pois caso contrario, e se xa estivera listo para a aprobación provisional, si se estaría en condicións de notificar a todos os veciños cal foi o resultado das alegacións feitas á aprobación inicial do PXOM; que neste momento non se está nese paso e non toca resolver esas alegacións nin procede neste momento.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que contra a palabra do Sr. Taibo Monelos está a súa que pide que se solicite un informe que diga se é posible ou non, pois el está seguro de que si o é, e que atendendo ao dito sobre que non se ciñe ao proposto na moción di que el non falou do clima senón do propio PXOM, non entendendo que se diga que nada ten que ver a aprobación coas alegacións e solicitando que lle leven a contraria e lle digan que si é posible avanzar no PXOM e proceder coa súa aprobación antes de que remate este mandato, tal como o equipo de goberno anunciou tantas veces, ata a saciedade, na propaganda recorrente que fai; que insiste en que si é posible contestar as alegacións negativas pois non causan dereitos e se non o saben que pidan un informe, pedindo o apoio para esta proposta pois os veciños o merecen e que sairon do despacho do alcalde pensando que levaban unha promesa solvente, debendo saber agora que esa promesa non é posible e que non ten nada que ver con que o documento estea ou non pechado.

Intervén a continuación o Sr. alcalde e di que o equipo de goberno xa ten esa consulta feita e que a estimación ou desestimación das alegacións se fai cando se aproba definitivamente o Plan Xeral, dicíndolle ao Sr. Chouciño Garrido que el pode pedir todos os informes que queira e dicir o que considere oportuno no Pleno pero que o equipo de goberno xa pediu informes e o asunto é como el di, que a aprobación definitiva é a que determina o resultado das alegacións, en positivo ou en negativo, porque ademais isto ten consecuencias xurídicas e tras a aprobación do Plan Xeral hai un prazo para levalo ao contencioso-administrativo e é aí, nese prazo, onde se pode facer outra alegación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, de data 20 de marzo de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, ao terse producido empate, a Presidencia somete a segunda votación ordinaria a moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Ao persistir o empate decide o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, emitido en contra da moción, polo que esta non resulta aprobada.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA., MOCIÓN DO BNG SOBRE DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES POLA GARROCHA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

na orde do día por razóns de urxencia, da moción do BNG, de data 20 de marzo de 2019, relativa á depuración de responsabilidades pola Garrocha, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG-Asembleas Abertas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta de depuración de responsabilidades pola Garrocha

A estas alturas todos os membros da corporación coñecemos a traxectoria destes dous últimos anos respecto da concesión das instalacións deportivas e hípcas da Garrocha.

O BNG leva dous anos pedindo explicacións. Nese tempo, o anterior alcalde estaba acompañado polo actual, Sr. Rioboo, en condición de tenente de alcalde, coas responsabilidades nas áreas de Medio Ambiente, obras, servizos e seguridade. Chegouse ao extremo de que o actual alcalde abandonara o Pleno evitando contestar as preguntas deste voceiro.

A día de hoxe sabemos que as respostas estaban claras e que había unha situación inaceptable, con unha irresponsabilidade manifesta no cobro dos 24.000€ de canon anual, e un desleixo completo na vixilancia de cumprimento das demais obrigas, que levaron ao deterioro das instalacións que parece que alcanzarán cifras millonarias. Cando finalmente se procedeu coa resolución da concesión, a conclusión do informe da interventora e secretaria municipais foi contundente. “PROCEDE DEPURAR RESPONSABILIDADES”. Non é a primeira vez que vemos esa conclusión. Xa foi así respecto da concesión do CLT por exemplo. Tal indicación non pode quedar sen atender.


Así pois, propoñemos ao Pleno da Corporación para a súa deliberación e se procede Acordo:

Que se incoe expediente de depuración de responsabilidades por parte dos servizos correspondentes da nosa administración local.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que volve A Garrocha despois de non sabe xa cantos anos pois xa no ano 2007 se falou deste tema e se naquel tempo se prestara máis atención pensa que ocasionaría menos perxuizos ao Concello de Culleredo pero que o certo é que o tema xa está xudicializado según ten sabido pola prensa, que xa parece que é a forma de comunicación deste país e deste concello en particular, dando a impresión de que todos os órganos do Concello, tanto plenos como comisións informativas e demais, non serven para nada, e os diferentes partidos políticos non poden falar e chegar a acordos para intentar solucionar os problemas directamente e se teñen que informar pola prensa das diferentes cuestións; que como, polo que leu na prensa, parece ser que o tema está xudicializado, se a Fiscalía atopa algún indicio de prevaricación, será ela a que vaia xa depurar responsabilidades; que el non é xuíz e lle gustaría saber moito máis para poder esixir esas responsabilidades pero dado que non o é non pode estar nin a favor nin en contra da depuración de responsabilidades que se solicita.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que ao igual que outras cuestións que están pendentes, hai que esperar as conclusións polo que considera que non corresponde neste momento debatir o que se propón.


Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que non sabe se hai algunha novidade respecto do que se dixo no anterior pleno no que se debatiu esta cuestión e se o Xulgado pediu máis información ou non e que se debe esperar a que o Xulgado se pronuncie e a partir de aí esixir as responsabilidades que procedan pero non antes de que o Xulgado resolva; que puidera ser que si, que fora oportuno abrir un procedemento paralelo e de ser así gustaríalle sabelo pero de non ser así, parécelle máis prudente esperar a resolución xudicial polo que o seu voto será de abstención.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que este asunto se atopa "sub júdice"; que está xudicializado porque precisamente o propoñente da moción se encargou de que así fose polo que agora o que procede é esperar a que o Xulgado archive as actuacións para ver se é oportuno ou non establecer algún tipo de procedemento administrativo.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que é curioso que estean todos de acordo cando el discrepa totalmente e que como dicía cre que o fiscal xefe, non recorda exactamente se este era o cargo, o fiscal xeral de Galicia, hai pouco tempo, e que buscando en Internet vese que o repite cada vez que se lle entrevista, debería haber en Galicia un xulgado anticorrupción porque as fiscalías teñen moitas carencias en canto a dereito administrativo, contratación e urbanismo, considerando o Sr. Chouciño que non é para nada incompatible que se abra un expediente de depuración de responsabilidades pois é perfectamente compatible que se inicie un procedemento e que os servizos xurídicos do Concello realicen esa tramitación e poidan sacar conclusións á vista de toda a documentación que servirían para trasladarlle ao Xulgado, que é onde se atopa o expediente despois de que a Fiscalía atopase indicios de delito, a modo de colaboración coa Xustiza que é deber de todos; que o Sr. Vázquez Lozano di que el non é xuíz e para nada se lle pediu que o fora senón que do que se trata é de que entre todos se aprobe unha cuestión que é competencia do pleno e que se abra un expediente para que aqueles servizos capacitados para facelo poidan reler todo o expediente que é moi longo e no que se pode ler que se acumulou unha débeda de 326.000 euros despois de 10 anos sen cobrar e sen iniciar as accións de cobro pola vía de apremio, sen facer ningún tipo de notificación, sen facer nunca unha revisión dunhas instalacións que son municipais e que supoñen un patrimonio de millóns de euros e que están totalmente deterioradas, correspondendo agora esixir quen foi o culpable de chegar a esta situación e depurar responsabilidades, determinando quen é responsable político, responsable administrativo e se hai responsabilidade penal xa o determinará o xulgado, insistindo en que a este lle axudaría moito que se lle remitise documentación elaborada por uns servizos administrativos que si coñecen ben, ao dedillo, toda a documentación administrativa, ben larga e ben difícil de entender porque hai cousas tan inexplicables como iniciar un procedemento de revisión por un órgano incompetente ou que se lle requira ao concelleiro de Deportes dicíndolle que é a súa responsabilidade; que todos teñen a obriga de, cando se ven indicios de delito, poñelo en coñecemento das autoridades; que con respecto ao dito polo Sr. Vázquez Lozano respecto da utilización dos órganos e demais recursos, di que el leva catro anos utilizando os órganos e todos os recursos dispoñibles para traer cuestións e poder debatilas polo que entende que a afirmación do Sr. Lozano non é dirixida á súa persoa; que queda á disposición de todos para calquera aclaración e pide o voto a favor en compromiso co deber de transparencia que atinxe a todos sobre todo cando se está a falar de cartos públicos, e que todos pagan o IBI ou o imposto de rodaxe ou taxas correspondentes non sendo de recibo que haxa entidades que parece que teñen carta branca e que non se sabe por que.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o Sr. Chouciño Garrido o ten abraiado polo que lle gusta falar da Fiscalía e de indicios de delito e coa cantidade de denuncias que constantemente está a facer sobre o goberno municipal e que está seguro de que lle poñerán unha silla a carón do fiscal xefe pola cantidade de denuncias ás que se dedica, recursos e horas; que ultimamente di que pasa a mañá enteira revisando e revisando documentación para intentar denunciar, buscar resquicios, e posiblemente intentando buscar os votos que non atopa na rúa realizando este tipo de actuacións e tentando xudicializar a vida política; que considera que iso non é política e lle aconsella que se preocupe máis de cales son os problemas reais dos veciños para intentar resolvelos e non estar continuamente na Fiscalía

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

presentando todo tipo de denuncias que ao final se acaban arquivando e que poñen en marcha unha cantidade de recursos humanos, materiais e etcétera que non van revertir en beneficio ningún para os veciños e veciñas de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, pregunta como pode ser que se lle diga a el que se preocupe dos problemas dos veciños e que traballe e que xa nun pleno pasado se lle dixo o mesmo cando todos os presentes saben que é ridículo o que din; que lle quere dicir tanto ao Sr. alcalde como ao Sr. Taibo Monelos, concelleiro de Urbanismo, que o alcalde é alcalde ata o 26 de maio e que desde ese día será alcalde en funcións, e o Sr. Taibo Monelos é o concelleiro de Urbanismo do Concello de Culleredo, un concello de 30.000 habitantes, que estean á altura, e llo pide por favor, preguntándolles se non é preocuparse dos problemas dos veciños botar dous anos para descubrir que o goberno municipal de Culleredo deixou de cobrarlles 326.000 euros a unha empresa e se iso non é preocuparse polos dereitos dos veciños e que se faría con eses 326.000 euros se se tivesen recadado pois el pode dar moitas ideas; que no pleno houbo quen trouxo propostas de baixadas de impostos e que el non está de acordo pois pensa que os impostos son necesarios para financiar os servizos públicos pero tamén están de acordo en que hai que recadalos e hai que recadalos todos e podería darse o caso de que se se recadasen todos se puideran convencer de que cabe a posibilidade de baixar os impostos, pero para iso se lles deberían cobrar a todo o mundo, véndose que non é así e que non se lle cobrar a todo o mundo, e aos que non se lle cobran non son precisamente os máis necesitados, os que máis necesitan dunha bonificación; que as bonificacións teñen que estar recollidas nos regulamentos; que non volvan dicir que el non se preocupa dos dereitos dos veciños porque fan o ridículo e que se non teñen nada que esconder que voten a favor desta proposta de depuración de responsabilidades e que os servizos xurídicos cheguen ás conclusións que teñan que chegar.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o Sr. alcalde e di que aquí non fai o ridículo ninguén e que o Sr. Chouciño debería respetar a opinión dos demais; que todos están a traballar, máis ou menos acertadamente, polos intereses dos veciños e veciñas de Culleredo, e cando fale de que o alcalde non lle deixou falar que explique como son as cousas porque se o pleno está rematado e el segue falando pode facelo pero o pleno está rematado; que o Sr. Chouciño ten que ter pacencia e se non acude á vía administrativa e vai á xudicial ten que ter pacencia e non poñer en dúbida á Fiscalía; que polo de agora todas as denuncias que fixo foron arquivadas e agora ten que ter pacencia e esperar o resultado.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, de data 20 de marzo de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (cinco) dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 7 (sete) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano

Á vista do resultado da votación, a moción non resulta aprobada.

7.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE CONTROL FINANCEIRO DE INTERVENCIÓN 2018.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos seguintes documentos:

1.- Auditoría de sistemas anual de verificación do cumprimento de condicións de funcionamento do rexistro contable de facturas. Exercicio 2018. (documento código UIT13I009C, de data 25 de marzo de 2019)

2.- Auditoría de sistemas anual de verificación do cumprimento das obrigas relativas ao novo réxime de publicidade das convocatorias de subvencións e axudas públicas (BDNS). Exercicio 2018 (documento código UIT13I009D, de data 25 de marzo de 2019)

3.- Avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade (documento código UIT13I0096, de data 25 de marzo de 2019)

8.- DACIÓN DE CONTA REPAROS DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 24 de xaneiro de 2019 (código de documento UIT13I001U)
- Informe de data 14 de febreiro de 2019 (código de documento UIT13I006B)
- Informe de data 14 de febreiro de 2019 (código de documento UIT13I006C)

C.I.F. P-1503100-H

9.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 168 resolucións numeradas da 268 a 453 do ano 2019, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
268	20/02/2019	Concesión a E.R.R. e A.C.O. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
269	20/02/2019	Concesión a A.P.G. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).	
270	20/02/2019	Concesión a A.T.A. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
271	20/02/2019	Concesión a M.M.A. e J.M.E. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
272	20/02/2019	Concesión a M.E.C.V. dunha prórroga do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).	
273	20/02/2019	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Xantar na casa formulado por M.J.I.C.	
274	20/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.B.L. do pago do recibo de comunidade correspondente ao período do mes	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		de xullo (42€) e agosto (42€) de 2018.	
275	20/02/2019	Concesión a J.V.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
276	21/02/2019	Autorización a A.S.S. dunha licenza sen retribución desde o 6 ao 12 de maio de 2019 (ambos os dous incluídos).	
277	21/02/2019	Nomeamento como responsables de comunicación da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (EDUSI) CULLEREDOVIVO a F.J.V.T. e a R.B.B.	
278	21/02/2019	Concesión a J.A.R.R. da licenza de primeira ocupación que solicitou para unha vivenda unifamiliar nunha parcela situada no lugar de Lamelas.	
279	21/02/2019	Concesión licenza municipal núm. 426 para uso especial dominio público para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade reserva permanente as 24 horas), para o garaxe situado na Av. Fonteculler 78 á comunidade de propietarios.	
280	21/02/2019	Alta como condutor asalariado da licenza de taxi núm. 10 do Concello de Culleredo a C.J.R.M.	
281	21/02/2019	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para LMT SMC-711 na rúa Silva (Almeiras).	
282	21/02/2019	Autorización do uso especial por GAS NATURAL REDES GLP, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para substitución de válvula da rede de gas na rúa Río Chan (Culleredo).	
283	21/02/2019	Desestimación do recurso de reposición interposto por J.M.T.S. contra resolución sancionadora de tráfico Expte.10384/2018 e confirmación da sanción imposta.	
284	21/02/2019	Desestimación do recurso de reposición interposto por A.G.M. contra resolución sancionadora de tráfico Expte. 5947/2018 e confirmación da sanción imposta.	
285	21/02/2019	Aprobación do reembolso da cantidade ingresada polo concepto de Imposto sobre Obras e Construcións para a construción dunha vivenda unifamiliar e dunha edificación auxiliar por importe de 3.910,91€ a J.J.L.A.	
286	21/02/2019	Aprobación liquidación correspondente a alta no correspondente padrón. Concepto: taxa ocupación terreos uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa. Ano: 2018. Contribuinte. A.G.C. Ubicación: Av. Ribados.	
287	21/02/2019	Aprobación liquidación correspondente a alta no correspondente padrón. Concepto: taxa ocupación terreos uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares finalidade lucrativa. Ano: 2018. Contribuinte. M.A.P.B. Ubicación: Pz Daniel Rodríguez Castelao.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
288	21/02/2019	Aprobación liquidación correspondente alta correspondente padrón. Concepto: taxa ocupación terreos uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa. Ano: 2018. Contribuínte. N.G.R. Ubicación: Rúa Hersa.	
289	21/02/2019	Aprobación liquidación correspondente alta correspondente padrón. Concepto: taxa ocupación terreos uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa. Ano: 2018. Contribuínte. J.A. SILCAS SL. Ubicación: Pz. Galicia.	
290	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de O.T.A.	
291	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.M.G.P. e R.Q.P.	
292	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.L.A.R. e J.P.S.	
293	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.A.P.M.	
294	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de L.M.G. e B.P.A.	
295	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.F.M. e M.G.M.G.	
296	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.R.M.G.	
297	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.D.R.D.	
298	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.M.C.G.	
299	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.S.A.C.	
300	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.D.S.C.	
301	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de I.N.R.V.	
302	21/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.J.B.M.	
303	21/02/2019	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Goberno Local do 25-02-2019.	
304	21/02/2019	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Voceiros 22-02-2019.	
305	22/02/2019	Delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 22-02-2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
306	25/02/2019	Baixa de oficio no servizo municipal de Axuda no fogar de H.V.V.	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
307	25/02/2019	Concesión a C.S.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
308	25/02/2019	Concesión a S.P.S. dunha copia da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
309	25/02/2019	Concesión a M.V.G.G. da prolongación da permanencia na situación de servizo activo ata o 15-03-2020.	
310	25/02/2019	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 28-02-2019.	
311	26/02/2019	Estimación alegacións presentadas expediente sancionador tráfico. Expte. 19209/2017.	
312	26/02/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 19408/2018 e dous máis.	
313	26/02/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Renovación do parque infantil do paseo marítimo do Burgo e 'skate parque'", redactado por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL.	
314	26/02/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Instalación da rede de saneamento en diversas rúas do Concello de Culleredo: Peiro de Abaixo, Ava. San Miguel, Peiro de Arriba, Orro e Conduzo", redactado por NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU.	
315	26/02/2019	Concesión da licenza municipal núm. 427 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade reserva permanente as 24 horas) para o garaxe situado na Av. Fonteculler núm. 76 á comunidade de propietarios.	
316	26/02/2019	Requirimento R.O.G. retirada vía pública vehículo matrícula C-9237-CB, de non cumprir indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
317	26/02/2019	Requirimento P.F.V. retirada vía pública vehículo matrícula 6303 FFR, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
318	26/02/2019	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Dana, especie canina, núm. Microchip 941000022965008 propietario J.S.G., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 134, data de expedición 18/01/2019.	
319	26/02/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 136 a G.A.P.	
320	26/02/2019	Concesión permiso vertedura sistema público saneamento, a J.R.R.L., en nome e representación de NOSOLOMADERA DR, SL, para actividade "carpintería e cerrallería", nunha nave situada na rúa A no Polígono Industrial de Alvedro.	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
321	26/02/2019	Concesión permiso vertedura sistema público saneamento, a F.A.N.S., para actividade "limpeza xeral de edificios", nun local situado na rúa Eduardo Blanco Amor.	
322	26/02/2019	Concesión a L.F.P.P. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,88€.	
323	26/02/2019	Concesión a M.A.M. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade de 6 meses de 2019, para o pago de recibo de auga do 4º trimestre 2018 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, pago recibos gas 6 meses 2019 e pago recibos comunidade 12 meses 2019.	
324	26/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.P.O. do recibo de electricidade por importe de 16,36€ do mes de novembro de 2018.	
325	26/02/2019	Concesión a A.S.T. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
326	26/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.L.V. do recibo de electricidade por importe de 18,11€ do mes de novembro de 2018.	
327	26/02/2019	Concesión a J.M.V.C. dunha axuda económica en concepto de recibos de auga do 4º trimestre de 2018 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, e pago recibos electricidade de outubro de 2018 a outubro de 2019.	
328	27/02/2019	Autorización da expedición dos listados de varias facturas emitidas ao Concello e de contratos de varias empresas solicitados por Antón Prieto García, concelleiro do Partido Popular do Concello de Culleredo.	
329	27/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.L.F.S. do recibo de gas por importe de 18,50€ correspondente ao período do 03-10-2018 ao 31-10-2018 e pago do recibo de luz por importe de 23,18€ do 14-09-2018 ao 31-10-2018.	
330	27/02/2019	Concesión a C.J.M.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
331	27/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a S.O.V. do recibo de gas do mes de xaneiro de 2019 (68,25€), do recibo de auga do 3º trimestre (46,97€) e do 4º trimestre de 2018 (46,69€) e máis.	
332	27/02/2019	Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 5 - PROMOCIÓN DA CULTURA (ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SÉSAMO - 1.715,47€)	
333	28/02/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.M.M.B., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
334	28/02/2019	Solicitude á Consellería de Política Social da concesión da contía máxima do proxecto denominado Conexión/Comunicación, estipulada en 5.936,12€. (Subvencións entidades locais Galicia para a posta en	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade 2019).	
335	28/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
336	28/02/2019	Concesión a O.A.P. e V.F.G. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Fornos, parroquia de Sueiro.	
337	28/02/2019	Estimación alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 1255/2018.	
338	28/02/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 20626/2018.	
339	28/02/2019	Aprobación liquidación alta Padrón fiscal. Expediente: UME/2018/713. Concepto: taxa entradas vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas). Ano: 2019. Contribuinte: Com. Prop. Av. Fonteculler núm. 78.	
340	28/02/2019	Anulación da liquidación practicada consumo auga no 1º trimestre do 2019 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66€/m3 a J.M.B.M.	
341	28/02/2019	Anulación da liquidación practicada consumo auga 4º trimestre 2018 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66€/m3 a A.S.B.	
342	28/02/2019	Concesión a M.C.V.T. dunha prórroga do servizo municipal de Axuda no fogar por un período de 6 meses desde o reinicio do servizo e dunha prórroga do servizo de Xantar na casa por un período de 6 meses desde o reinicio do servizo.	
343	28/02/2019	Concesión a M.I.M.B. dunha axuda económica para o pagamento da comunidade por importe anual de 153€ correspondente ao ano 2018, para pago de recibos de electricidade por importe de 570,12€ do 16-10-2017 ao 13-01-2019 e máis.	
344	28/02/2019	Concesión a T.C.V. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga por importe de 77,65€ correspondente ao 4º trimestre do ano 2018, para o pago dos recibos de auga do 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2019 e máis.	
345	28/02/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 04-03-2019.	
346	28/02/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 01-03-2019.	
347	01/03/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 07-03-2019.	
348	01/03/2019	Delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 01-03-2019 de 13.00 a 15.00	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		horas.	
349	04/03/2019	Levantamento reparos suspensivos formulados Intervención xeral e avocación competencia para adxudicación contrato para execución subministro denominado: Adquisición de revistas para as bibliotecas municipais. Expediente: UCP/2019/19 e máis.	
350	04/03/2019	Levantamento reparos suspensivos formulados pola Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato para execución servizo: Instalación de tres acometidas de auga para os parques caninos. Expediente: UCP/2019/11 e máis.	
351	04/03/2019	Levantamento reparos suspensivos formulados Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato para execución servizo denominado: Transporte persoas con diversidade funcional e intelectual usuarias A Escada. Expte. UCP/2019/3 e máis.	
352	04/03/2019	Levantamento reparo suspensivo formulado Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato execución obra denominada Conservación e mantemento de beirarrúa en Av. Vilaboa e reconstrución de parada de bus en confluencia Pz. Sagrada Familia.	
353	06/03/2019	Orde inscrición ASOCIACIÓN DE VECINOS VALLESUR - LOS OLIVOS" no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo co núm. 163.	
354	06/03/2019	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña no PROCEDIMIENTO ABREVIADO 38/2019-L. (Interposto por M.M.E.).	
355	06/03/2019	Concesión a T.S.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).	
356	06/03/2019	Concesión a M.M.A. e J.M.E. do servizo municipal de xantar na casa para os sete días da semana.	
357	06/03/2019	Concesión a M.R.V.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€	
358	06/03/2019	Concesión a N.L.V.V. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,00€	
359	06/03/2019	Concesión a A.M.A.B. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,00€	
360	06/03/2019	Concesión a C.R.D.. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1025€	
361	06/03/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.L.B. do recibo de gas correspondente ao mes de outubro de 2018 por importe de 258€, do recibo de auga do 2º (46,69€), 3º (53,68) e 4º trimestre de 2018 (58,18) e máis.	
362	06/03/2019	Autorización, disposición e recoñecemento do pago a M.S.N.M. do recibo de electricidade correspondente ao período do 1 a o 13 de	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		agosto de 2018 (60,64).	
363	07/03/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11-03-2019.	
364	07/03/2019	Solicitude axudas do Programa de apoio aos CIM, contía solicitada total: 25.060,40€ e solicitade axuda Programa sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Contía solicitada: 8.000€.	
365	07/03/2019	Concesión a P.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,00€.	
366	07/03/2019	Extinción axuda prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) a M.J.V.M.	
367	07/03/2019	Concesión a C.L.S. dunha axuda económica para o pago de recibos de auga do 3º e 4º trimestre de 2018 e 1º e 2º trimestre de 2019, pago recibos electricidade dos meses de novembro de 2018 a outubro de 2019 e máis.	
368	07/03/2019	Concesión a R.M.V.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,00€.	
369	07/03/2019	Concesión a B.S.E. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,00€.	
370	07/03/2019	Concesión a M.S.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,00€.	
371	08/03/2019	Reserva lugares especiais para a colocación gratuíta de carteis correspondentes á campaña electoral das vindeiras Eleccións Xerais a celebrar o 28-04-2019.	
372	08/03/2019	Reserva locais oficiais e espazos públicos para a celebración gratuíta de actos de campaña electoral para as vindeiras Eleccións Xerais a celebrar o 28-04-2019.	
373	08/03/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal e avocación da competencia para continuar o procedemento de ampliación da xornada de traballo de M.T.C.F. a xornada completa como conserxe-colexio.	
374	11/03/2019	Concesión prazo de 10 días á FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA para alegar ou presentar documentación en relación coa súa solicitade de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo.	
375	11/03/2019	Anulación liquidación practicada consumo auga 4º trimestre 2018 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m ³ trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66m ³ a J.V.C.	
376	11/03/2019	Exclusión procedemento adxudicación a SERGONSA SERVICIOS SL e adxudicación da execución da obra "Renovación Parque Infantil Rúa	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		dos Templarios" á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, fixando o prezo en 38.895,73€, IVE engadido.	
377	11/03/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 1505/2019 e máis.	
378	11/03/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 19413/2018.	
379	12/03/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.O.F.	
380	12/03/2019	Aprobación liquidación alta Padrón fiscal. Núm. Expediente: 2019. Concepto: taxa entradas vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas). Ano: 2019. Contribuínte: Com. Prop. Av. Fonteculler núm. 76.	
381	12/03/2019	Concesión a M.I.M.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 972,99€.	
382	12/03/2019	Solicitude axudas do Programa de apoio aos CIM, contía solicitada total: 25.060,40€ e solicitade axuda Programa sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Contía solicitada: 8.000€.	
383	12/03/2019	Aprobación da liquidación do Orzamento de 2018.	
384	13/03/2019	Exclusión procedemento adxudicación ofertas COVISAM NORTE SL e DENEVO PUNTO CREATIVO SL e adxudicación execución obra reforma interior 1ª planta edificio usos múltiples á empresa Ingeniería y construcciones Melcor SL, prezo 64.189,34€, IVE engadido.	
385	13/03/2019	Concesión a Autolavados Coruña SL da licenza de primeira ocupación que solicitou para unha estación de servizo, na parcela C21 do Parque Empresarial de Alvedro (Almeiras).	
386	14/03/2019	Exclusión procedemento adxudicación ofertas presentadas BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL e 4 máis e adxudicación execución obra "Reposición de beirarrúas no paseo marítimo, POS+2018" a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, prezo 134.623,61€, IVE engadido.	
387	14/03/2019	Exclusión procedemento adxudicación ofertas presentadas IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL e adxudicación execución obra "CUBRICION PARQUE DAS BRAÑAS" á empresa INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, SL, prezo 64.467,41€, IVE engadido.	
388	14/03/2019	Exclusión procedemento adxudicación ofertas presentadas por CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL e 3 máis e adxudicación execución obra "rehabilitación pavimentación en Vinxeira Grande", á empresa Canarga, SL, prezo 44.900,00€, IVE engadido	
389	14/03/2019	Exclusión procedemento adxudicación ofertas presentadas por LOPEZ Y LEIS SA e un máis e adxudicación obra "Rehabilitación firme na urbanización A Ría 1ª Fase" á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		Y OBRAS SL, prezo 83.000,00€, IVE engadido.	
390	14/03/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 135 a J.M.L.N.	
391	14/03/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a I.F.P. para a actividade de "barbería e outros tratamentos de beleza", nun local situado na rúa Alcalde Electo Carballo, parroquia de Rutis.	
392	14/03/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a C.M.M. para a actividade de "establecemento de bebidas", nun local situado na rúa Sanjurjo de Carricarte, parroquia do Burgo.	
393	14/03/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Renovación de los parques infantiles del centro social de Orro y urbanización Vallesur - Concello de Culleredo", redactado por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL.	
394	14/03/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Cubrición parque Tierno Galván", redactado por JARDINERÍA ARCE SL.	
395	14/03/2019	Solicitude prórroga Convenio colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para financiamento mantemento xeral Vivenda tutelada municipal de Culleredo ano 2019 e aprobación memoria actividades e orzamento gastos, 89.297,75€	
396	14/03/2019	Concesión a J.A.P.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 935,31€ e para o pago de recibo de electricidade por importe de 140,07€ do período do 04-12-2018 ao 07-01-2019.	
397	14/03/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (DECEMBRO 2018).	
398	14/03/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (DECEMBRO 2018).	
399	14/03/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XANEIRO 2019).	
400	14/03/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XANEIRO 2019).	
401	14/03/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2019).	
402	14/03/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2019).	
403	14/03/2019	Convocatoria á sesión ordinaria Xunta de Goberno Local do 18-03-2019.	
404	15/03/2019	Delegación na concelleira D. ^a M ^a Penélope López Díaz, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.S.R. e J.V.B. o día 16-03-2019, ás 14.30 horas.	
405	18/03/2019	Concesión anticipo salarial J.A.J.D.	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
406	18/03/2019	Atribución das funcións a J.L.L.P. como xefe de Servizo de Seguridade cidadá e Protección civil, de forma accidental, do 9 ao 31 de marzo de 2019.	
407	18/03/2019	Ampliación en 7,25 horas á semana o contrato de traballo a tempo parcial da profesora do Conservatorio de Música do Concello de Culleredo C.R.V.	
408	18/03/2019	Aprobación das indemnizacións por razón de servizo de empregados municipais realizados no ano 2018 (M.J.C.R. e M.P.V.M.).	
409	18/03/2019	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida directa de Gas Natural na rúa Río Tambre, 3 (Rutis).	
410	18/03/2019	Concesión permiso vertedura sistema público saneamento M.G.L., en nome e representación AM CLOTHING EUROPE SL, para actividade "intermediarios do comercio de téxtiles, prendas de vestir, peletería, calzado e artigos de coiro" nunhas naves R/ H, P.I. Alvedro.	
411	18/03/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a P.M.F., en nome e representación de IBEREXT, SA, para a actividade de outro comercio polo miúdo en establecementos especializados nunha nave situada na R/ B, nave B-14 no P.I. Alvedro.	
412	18/03/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a P.M.F., en nome e representación de IBEREXT, SA, para a actividade de outro comercio polo miúdo en establecementos especializados nunha nave situada na R/ B, nave B-14 no P.I. Alvedro.	
413	18/03/2019	Baixa da licenza municipal de ocupación de vía pública concedida a E.P.G., para unhas mesas e cadeiras para a terraza dun establecemento situado na R/ Conservatorio (O Burgo).	
414	18/03/2019	Requirimento A.B.S.T. retirada vía pública vehículo matrícula 6991FNL, de non cumprir o indicado dítase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
415	18/03/2019	Requirimento A.F.R. retirada vía pública vehículo matrícula C-2905-BZ, de non cumprir o indicado dítase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
416	18/03/2019	Requirimento J.L.L.A. retirada vía pública vehículo matrícula 2765BYM, de non cumprir o indicado dítase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
417	18/03/2019	Requirimento A.G.M. retirada vía pública vehículo matrícula 7057BLH, de non cumprir o indicado dítase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
418	18/03/2019	Concesión a F.M.N. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, urbanización do peche e demolición de cubertas existentes nunha parcela situada no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas.	
419	18/03/2019	Concesión a M.A.G. e J.A.V.F. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela situada no lugar de Folgueira, parroquia de Castelo.	
420	18/03/2019	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por D.S.F.	
421	18/03/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.M.B.C., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
422	18/03/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.J.R.O., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
423	18/03/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por C.R.C., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
424	18/03/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m ³ a A.I.G.T., con efectos de 01-04-2019.	
425	18/03/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 19401/2018.	
426	18/03/2019	Solicitude participación do Concello na convocatoria do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña para o proxecto denominado "Mantemento de posto de traballo de técnica municipal en animación sociocultural", por un importe de 10.000€.	
427	18/03/2019	Aprobación reintegro remanente subvención Programa de contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, Expte. TR351F 2016/12-1. Importe a reintegrar á Xunta de Galicia 242,23€.	
428	18/03/2019	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/5. (TERCEIRO: COMUNIDAD PROPIETARIOS PARQUE EMPRESARIAL ALVEDRO-IMPORTE TOTAL: 579,79€ e máis).	
429	20/03/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do 22-03-2019.	
430	20/03/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación pagos. (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
431	20/03/2019	Concesión a B.B.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
432	20/03/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de electricidade, por importe de 15,90€, correspondente a un	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-03-2019
		mes de 2019, pago do recibo de auga, por importe de 58,08€, correspondente ao 4º trimestre de 2018 e máis.	
433	20/03/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de bono bus por importe de 33,81€ correspondente ao mes de decembro de 2018.	
434	20/03/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.M.P. do recibo de luz por importe de 19,45€ correspondente ao período do 14-06-2018 ao 30-06-2018.	
435	20/03/2019	Declaración do desestimento de M.G.R.L. das axudas solicitadas para Abono recibo electricidade, Bono de alimentos e Bono de hixiene.	

10.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que ten algunhas preguntas que presentou polo rexistro xeral e procede á lectura das mesmas, que a continuación se transcriben:

“Sobre talas forestais:

Os madeiristas encargados dos traballos están obrigados -segundo ordenanza municipal- a obter a autorización do concello, a ser responsable dos danos que ocasionen nas vías, a non utilizar as cunetas como almacén de madeira e a establecer unha fianza a favor do Concello para responder dos danos involuntarios.

Tende en conta isto:

- Cantos permisos se tramitaron para talas nos montes de Culleredo no último ano?
- Cantos avais foron incautados polos incumprimentos por parte dos madeiristas?
- Houbo denuncias ou queixas veciñais neste sentido?
- O sábado pasado produciuse un incendio nas proximidades de Bregua. Tivo que ver con algunha tala ou coas súas consecuencias? Que superficie ardeu?

Por outra banda, pero tamén sobre montes:

Hai uns meses tivemos coñecemento, a través da prensa e de varios veciños, dun evento con todoterros no monte Xalo, que se presumía ilegal, e que ocasionou destrozos na contorna (preguntei no seu momento en Comisión, pero sigo agardando resposta).

- Que actuacións iniciou o concello sobre este asunto?

Código do documento	Código do expediente
USG13100AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

- En que expediente/s podo consultalo?”

Responde o Sr. alcalde e di que con respecto á súa pregunta formulada por escrito sobre talas forestais vai responder por escrito pois non deu tempo a recompilar toda a información, e con respecto á segunda pregunta di que desde o Concello de Culleredo remitiuse denuncia á Consellería de Medio Rural sen que ata a data se teña recibido ningunha resposta formal ao respecto.


De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten dúas cuestións e que a primeira é sobre as prazas de promoción interna que souberon fai pouco que foron obxecto dun recurso e saben agora tamén da convocatoria dunha praza de xefatura de servizo de obras que tivo unha denuncia tamén e sobre a que se ditou sentenza anulando a convocatoria; que ambas as dúas convocatorias contaban xa con informes de Secretaría desfavorables e seguiron igual adiante con elas, non sabendo xa se facer unha pregunta ou un rogo pero gustaríalle saber como se están facendo as cousas e como é posible que o equipo de goberno, recurrentemente, con informes en contra que advirten sobre que non está ben o que se está facendo, siga para adiante e chegue a estes litixios que rematan en resolucións xudiciais, preguntando se se sabe que tipo de implicacións pode ter para o Concello pois no caso da xefatura de servizo, que non estaba conforme á lei, solicita aclaración sobre se vai ter algún tipo de consecuencia para as obras que foron validadas polo servizo.

A continuación intervén o Sr. alcalde e lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido se ten algunha outra pregunta ou rogo que facer.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que ten unha segunda cuestión que é sobre as obras que según ten entendido pola prensa está facendo EMALCSA na rotonda da avda de Rutis, vendo agora que se corta a rúa Ribados e que xa houbo obras no interior do recinto de Acea de Ama; que el está intentando que lle dean acceso a ese expediente e lle digan que número de expediente ten e agora resposta o xefe de gabinete dicindo que lle dá tramitación a Secretaría para que conteste sendo o máis curioso que el pregunta polo número de expediente, pola licenza, e polo humidal que hai dentro do recinto de Acea de Ama que podería estar afectado, e o único que se traslada a Secretaría é esta segunda parte e non a solicitude de acceso ao número de expediente e documentación de tramitación de licenza, o que lle incita a pensar que nesta cuestión hai tamén algo raro porque lle consta que hai unha licenza de EMALCSA para construír o depósito de Almeiras pero non lle consta que haxa licenza nesa zona e por iso pregunta por este tema e pide acceso ao expediente, porque se trata dunha obra dun importe moi elevado, pedindo que por favor se lle conteste se esa obra ten licenza e se non lle poden contestar que se lle dea acceso canto antes ao expediente no que se tramita.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño e di que ten unha terceira cuestión relativa á aprobación plenaria hai uns dous meses relativo ao camiño de Orro a Ledoño pois hai semanas pediu que se lle dixera o número de expediente que se abriu por orde da aprobación plenaria pois era competencia dese órgano e non lle parece que sexa tan difícil que se lle diga que expediente se abriu porque hai que ter en conta que a Administración local non é só para o alcalde senón para todos os demais órganos e cada un ten as súas competencias e a el parécelle que quedou suficientemente claro que recuperar o camiño de Orro a Ledoño, recuperar eses terreos que se enaxenaron non se sabe de que forma, é competencia plenaria, polo non cabe outra que abrir ese expediente nin debe ser tan difícil dicir que número ten; que o solicitaron por escrito polo que non debería supoñer ningún problema contestar agora a esta cuestión.

A continuación intervén o Sr. alcalde e di que con respecto á primeira pregunta a sentenza á que o Sr. Chouciño Garrido fai referencia non é firme, é recurrible, e o único que cabería facer, no peor dos casos, sería facer unha nova selección, insistindo en que a sentenza non é firme e están os servizos xurídicos estudando presentar un novo recurso.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00AP	USG/2019/40
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2C58 4R5R 573H 3W2J 0QWG	

Segue o Sr. alcalde e di que con respecto as outras dúas preguntas pedirá o informe correspondente aos departamentos municipais e lle dará traslado.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que despois do pleno que houbo no pasado mes de febreiro, desde o grupo municipal do Partido Popular queren saber se o Concello de Culleredo ten algún tipo de resposta por parte da Demarcación de Estradas do escrito presentado solicitando a suspensión do anteproxecto do vial 18 e se non se obtivo resposta, pregunta se o Concello presentou algunha alegación a este anteproxecto tal e como se comprometeu no pleno pois non houbo convocatoria e espera que non houbera reunión e que se presentan alegacións se convoque aos membros da oposición para debatilas.

Intervén o Sr. alcalde e di que de momento se está á espera de resposta sobre a solicitude de suspensión pero dado que no prazo pertinente non responderon decidiron presentar unha alegación pedindo a suspensión dese proxecto e alegando unha serie de motivos pois consideran que ese vial 18 ten moitas lagunas, graves para o Concello de Culleredo non só a nivel de infraestruturas senón tamén a nivel do que é o propio proxecto e do impacto medioambiental, etc; que desde o Goberno Central apuntan que van estudar a suspensión porque consideran que a alegación do Concello é demasiado íntegra como para continuar adiante; que cre que desde a Alcaldía se lle remitui unha copia da alegación a todos os voceiros pero se non fora así pedirá que se revise e se lle envíe.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

A xefe de Asesoría Xurídica

(asinado dixitalmente nesta data pola xefe de Asesoría xurídica, que actuou como secretaria accidental nesta sesión)